

Invertebrados do Espazo Natural e Arqueolóxico de Sete Camiños

Paulo Troitiño

A comarca de Pontevedra-O Morrazo posúe un gran patrimonio natural, etnográfico e arqueolóxico, cunha gran diversidade de espazos naturais, e de hábitats moi variados. Porén, aínda que a fauna de vertebrados se coñece moi ben, existe un gran baleiro de información referente ás especies de invertebrados.

O Espazo Natural de Setecamiños, actúa como un corredor natural entre as dúas comarcas, moi próximo da ría de Pontevedra e do océano Atlántico que exerce un efecto moderador na temperatura e impide oscilacións térmicas excesivas. Este tipo de clima Defínese como atlántico europeo húmido e de temperaturas suaves. Segundo datos da estación meteorolóxica de Lourizán, situada a 57 m de altitude, a precipitación anual oscila en torno aos 2000 mm e a temperatura media anual é de 14°C.

É necesario falar dos hábitats e as paisaxes da zona para darse conta da diversidade e o ambiente onde viven os invertebrados.

As ribeiras fluviais están formadas por regatos de pouca entidade, mais de grande importancia ecolóxica, cunha vexetación asociada de ameneiros (*Alnus glutinosa*), salgueiros (*Salix atrocinera*) e carballos (*Quercus robur*), pequenas brañas e charcas cunha interesante flora pteridófita. Na parroquia de San Xulián, os regos da Agrela, Pornado e rego da Presa, na conca do río lameira. E na parte septentrional nas parroquias de Lourizán e Salcedo discorren as augas dos regos das Flaires, rego de Batán, Cubeiro ou da Ponte, afluentes do río Gafos. Outro pequeno regato que nace perto do Outeiro da Edra, discorre cara ao Regueiriño en Lourizán.

As extensións de monte baixo e matogueira, sobre todo no monte do Pornado están consideradas hábitat de interese prioritario na categoría de 'Breixeiras secas europeas', de formacións a miúdo densas con especies de toxo e breixo, *Ulex europaeus*, *Erica ciliaris*, *Erica cinérea*, *Calluna vulgaris*, *Daboecia cantabrica*, *Cistus...*

As especies arbóreas predominantes son o piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) destinados á produción forestal. Anque hai formacións mono-específicas, nalgúns zonas medran con eles outras árbores coma castiñeiros (*Castanea sativa*), carballos (*Quercus robur*) e pereiras bravas (*Pyrus cordata*), formando un bosque mixto.

Tamén existen pequenos rodais de especies exóticas invasoras como a acacia (*Acacia melanoxylon*), na zona do Outeiro da Mina e Chan das Mouras, moi difícil de erradicar.

Os invertebrados superan o millón de especies descritas, o que constitúe aproximadamente o 65% de todos os organismos vivos e o 77% das especies animais, aproximadamente as tres cuartas partes das especies coñecidas no mundo. Este elevado número de especies unido ao importante papel que desempeñan nos ecosistemas, non se corresponde co escaso protagonismo que tradicionalmente tiveron nas políticas de conservación. En moitas ocasións protéxense os animais que gustan dende o punto de vista antropocéntrico, sen ter en conta outro tipo de especies que adoitan presentar un maior grao de ameaza. Nos invertebrados tamén acontece esta tendencia, e non é de estrañar que grupos máis rechamantes ou de maior beleza tivesen certa preferencia nos plans de conservación.

A clasificación dos invertebrados é moi ampla e complexa, non imos falar de toda a fauna invertebrada que habita neste espazo natural, ímonos centrar nos artrópodos, e polo seu número nalgúns insectos e arácnidos.

Artrópodos - Insectos

Lepidópteros: As larvas, xeralmente coñecidas como eirugas son fitófagas, pasan por varios estados larvários: embrión, larva, pupa e imago (adulto).

Antes de pupar ou crisalizar encérranse nun botón de seda que tece a propia eiruga. Despois da metamorfose, os adultos que emerxen das crisálidas, teñen o corpo recuberto de escamas, posúen unha espiritrompa para succionar o nectar e coñécense como bolboretas e avelaíñas. Entre as máis vistosas destacan a macaón (*Papilio machaon*), *Iphiclides podalirius*, pavón (*Inachis io*), *Vanessa atalanta*, e algunha especie migratoria como *Vanessa cardui*.

Aínda que moitas especies son boas polinizadoras de plantas e cultivos, hai avelaíñas como a procesionaria do piñeiro (*Thaumetopoea pityocampa*), que en fase de eiruga constitúen plagas forestais, causando danos importantes nas plantacións de piñeiros.



Iphiclides podalirius



Papilio machaon

Coleópteros: É o grupo máis extenso do reino animal. Son Insectos no que se suceden as fases de embrión, larva, pupa e adulto. Teñen o primeiro par de ás quitinizado e non apto para voar, protexendo o abdome e o segundo par de ás. A maioría son terrestres aínda que tamén hai especies acuáticas. Teñen aparato bucal mastigador adaptado a multitude de alimentos: hai escaravellos herbívoros, depredadores, preeiros, coprófagos, comedores de nectar e pole, etc... Popularmente as especies desta orde coñécense como escaravellos.

Nas pequenas carballeiras misturadas con eucaliptos e piñeiros de Sete Camiños vive a vacalora (*Lucanus cervus*) e o escarabello capricornio (*Cerambyx cerdo*), insectos ameazados e en regresión debido sobre todo á perda do seu hábitat. Destaca tamén o *Carabus lateralis*, e o vagalume ou lucerla (*Lampyris nocticula*)



Vacaloura (*Lucanus cervus*), macho

Vacaloura (*Lucanus cervus*), femia

Epheméroptera: Son insectos acuáticos, viven no fondo do río e os regatos, debaixo das pedras ou no limo durante o seu desenvolvemento larvario mentres que os adultos son voadores, cunha vida moi curta. Teñen dous estadios adultos: subimago e imago. Son bioindicadores da calidade da auga. Como exemplo poñemos a efémera (*Ephemera vulgata*)

Odonatos: Dentro de este orden hai os Anisópteros (libélulas ou libeliñas), e os Zigópteros (cabaliños do demo ou gaiteiros). As larvas son acuáticas e predadoras. Os adultos caracterízanse por ter grandes ollos e ás moi reticuladas, longas e estreitas. O aparato bucal é mastigador e robusto.

Neste grupo non se inclúe ningunha especie prexudicial para a agricultura nin o monte, senón que pola contra trátase de insectos beneficiosos posto que son depredadores doutros insectos.

Nos regatos e pequenas charcas da zona podemos observar o gaiteiríño azul (*Calopteryx virgo*), tizón de bolton ou quitaollos (*Cordulegaster boltonii*) e candil curvado (*Onychogomphus uncatus*).



Gaiteiro azul (*Calopteryx virgo*) macho



Tizón de Bolton (*Cordulegaster boltonii*)

Himenópteros: Abellas, avespas, abellóns e formigas, son grandes polinizadores e parasitoides de insectos dañinos, o que se chama a loita biolóxica. Teñen un desenvolvemento característico holometábolo de embrión, larva, pupa e adulto. Poñen ovos sobre o substrato que será o seu alimento. Algunhas especies forman grandes colonias cunha organización social moi definida.



Abellón (*Bombus terrestris*)



A apicultura é unha práctica moi antiga, e os únicos insectos domesticados polo ser humano son as abellas (*Apis mellifera*), produtoras de mel, cera, propoleo e xelea real.

Dípteros: Son os insectos máis evolucionados estruturalmente. Teñen un desenvolvemento holometábolo (embrión, larva, pupa e adulto). Boca chupadora ou picadora. Os adultos presentan un só par de ás, mentres que o segundo par atrófico, é para o equilibrio. As larvas teñen a maior diversidade de formas e hábitos: Larvas acuáticas indicadoras de boa calidade da auga, Larvas depredadoras de pulgóns e cochinillas e larvas preeiras. Estamos a falar de moscas, mosquitos e tabáns. No caso destes dous últimos, só pican as femias para o desenvolvemento dos ovos.



Mosca (*Calliphoridae*)



Mosca (*Asilidae*)

Orthópteros: Saltóns, grilos e chicharras. Teñen elitroides para protexer as ás posteriores, están dotados dun potente aparato mastigador, e o terceiro par de patas máis desenvolvido e potente que os dous primeiros adaptado para saltar. A miúdo presenta manchas características de cor vermella ou azul nas ás. Moitas especies teñen órganos auditivos e estriduladores, e cada macho emite o seu canto, aínda que as femias das chicharras tamén cantan.



Saltón (*Oedipoda caerulescens*)



Saltón

Dictiópteros - Mántidos: Mantis ou barbantestas. A súa característica máis rechamante é a estrutura das súas patas anteriores, notablemente modificadas para a captura de presas. Viven entre a vexetación, na que se camuflan perfectamente. Fixan a posta nun substrato sólido protexida por unha ooteca. Todas as especies son predadoras doutros insectos e considéranse insectos beneficiosos. A femia come o macho se non o recoñece, acelera a cópula ao comer a cabeza.



Barbantesa (*Mantis religiosa*)

Heterópteros: Caracterízanse por ter o aparato bucal adaptado para picar e succionar tecidos animais e vexetais; Hai os terrestres, acuáticos e anfibios; son heterometábolos (desenvolvemento de ovo, larva e adulto). Xeralmente as larvas conparten o seu hábitat cos adultos. Neste grupo temos os chinches, zapateiros (Gerridae e Hidrometridae), chinches acuáticos (Corixidae e Nepidae). nas auga limpas estancadas dalgunhas pozas ou no depósito preto da fonte da prata podemos ver a notonecta ou garapito (*Notonecta glauca*) e o zapateiro (*Gerris lacustris*)



Garapito (*Notonecta glauca*)



Zapateiro (*Gerris lacustris*)

Homópteros: Pulgóns, cochinillas e cigarras Constitúen un grupo moi rico en especies e é un dos máis prexudiciais para os vexetais, poden producir pragas agrícolas e forestais xa que son fitófagos e terrestres. Existe unha curiosa interrelación ou simbiose entre pulgóns e formigas, estas fomentas, en vez de comerse aos pulgóns, achéganse a eles e os "moxen". Para iso, a formiga frega coas súas antenas o pulgón e este responde segregando unha substancia chamada ligamaza (azucres que non metabolizan).

Artrópodos – Arácnidos

Pode ser doado confundir insectos e arañas. Ambos os dous son artrópodos, co esqueleto na parte exterior do corpo e patas articuladas. Pero aí remátase o parecido. As arañas forman parte dos arácnidos, e teñen oito patas en vez de seis. Tamén teñen o corpo dividido en cefalotorax (que fusiona a cabeza e o torax) e o abdome. En vez de antenas, teñen dous órganos sensoriais chamados pedipalpos. Na maioría dos casos teñen oito ollos simples, levan uñas venenosas e teñen uns bos cairos denominados quelíceros. Normalmente están preparados para inxectar veneno paralizante ás súas vítimas.

No espazo natural de Sete Camiños é frecuente observar a araña avésa (*Argiope bruennichi*). Constrúe unha rede espiral ao atardecer ou en penumbras, na zona de monte baixo entre toxos ou carrascos do Pornado. Cando unha presa fai o seu primeiro contacto na rede rapidamente inmobilízaa encerrándoa no seu fío de seda. A presa é picada logo, inxectándolle un veneno paralizante e unha encima disolvente de proteínas. O macho desta especie é moito máis pequeno que a femia.



Araña avésa (*Argiope bruennichi*), femia



Araña (*Alopecosa sp.*), observada no Pornado ao carón da pista de terra.